

O ESPIGONCIÑO



2013 Decembro

Noa 5ª A

O Nadal son unhas datas moi especiais, sobre todo para nós, os nenos. É unha época para estar coa familia e coa xente que nos quere e para que case todo o mundo estea contento, xa que se crea un ambiente de felicidade, adórnase as casas e as rúas e reunímonos para celebrar as típicas ceas e comidas. Aos nenos, especialmente, gústanos moito porque agardamos a chegada de Papá Noel e os Reis Magos, con ansia por abrir os nosos regalos.

A xente tende a gastar máis nesta época ca en ningunha outra, aínda que hai xente que non pode. Gástanse moitos cartos en regalos, xoguetes caros... Non se dá conta de que hai outra que morre de fame. Nós podemos estar contentos, xa que podemos ter regalos, pero hai que lembrarse de nenos que non, e que teñen os mesmos dereitos ca nós.

Boas Festas e Feliz Aninovo.

Josemi e Yaiza. 6ºA



Sumario.

CELEBRAMOS A FESTA DO OUTONO: O MAGOSTO.	5
CHEGA O INVERNO. O OUTONO.	6
EXPERIENCIAS MATEMÁTICAS.	8
ACTIVIDADES: FEITO CON FOLLAS DE OUTONO.	10
ACTIVIDADES: CONCURSO DE MANUALIDADES.	15
CONTOS.	17
SUCEDEU NO MUNDO: CINCUENTA E DOUS.	18
ENTREVISTA: MARCELO GONZÁLEZ.	24
CARIÑESES POLO MUNDO: MÉXICO.	25
HISTORIA: MULLERES NA HISTORIA.	28
BIBLIOTECA.	30
CARIÑO: PARAÍSO PARA ORNITÓLOGOS.	34
OBRADOIRO: PAPEL MARMORADO.	36
OBRADOIRO: ENCUADERNACIÓN.	40
CIENCIA NA CASA.	42
PASATEMPOS.	45
	46



Patricia, Infantil 4 anos B



CELEBRAMOS A FESTA DO OUTONO: O MAGOSTO

Os alumnos/as de 3 anos coñecidos coma “*Os gatos*”, participaron no Magosto, xunto co resto do alumnado.

Veu a visitarnos un castañeiro, que foi o encargado de asar as castañas, tan típicas destas datas. Desta maneira, “*Os gatos*” poideron degustalas nunha festa amenizada con música na que todos disfrutaron moitísimo.



Ademais, na aula fixemos as nosas “*castañas personalizadas*” e uns barquiños con produtos típicos do Outono (cascas de noz e follas).



ALUMNAS E ALUMNOS DE INFANTIL 3 ANOS.

CHEGA O INVERNO

CHEGA O INVERNO


- HAI NEVE

- HAI MOITO FALTO

- NECESITAMOS CHAQUETON
POÑEMOS GORRO
E GUANTES E BUFANDA

- COLLE MOS PARAULAS
E BOTAS

- NA CASA POÑEMOS
A ESTUFA



- PODEMOS IR ESQUIVAR
- NON SE PODE PARA PARA
- XOGAMOS NA HABITACION
- VEN PAPA NOEL E OS REIS MAGOS



- SEMPRE E DE NOITE PERO HAI UN BOUDO DIA

CLASE DAS

RAS

ALUMNOS E ALUMNAS DE INFANTIL 4 ANOS A

O OUTONO



OUTONO

• NA CEN

C O GOMELOS



• CAEN AS FOLLAS

• HAI CABA LAS

HAI CASTAÑAS



EN O OUTONO CHOVE

HAI NOCES



HAY MAZAS



RECOLLEN SE LASO VAS



RECOLLESE O MANDARINO



HAY MANDARINAS



OS DINOSAURIOS

E.I. 4 ANOS B


ALUMNAS E ALUMNOS DE INFANTIL 4 ANOS B

EXPERIENCIAS MATEMÁTICAS

ESPECIES EXPERIENCIAS



MATEMÁTICAS (ASIER)

NO CURSO 2011-2012 NA CLASE DAS XIRAFAS ENDEZAMOS UNA EXPERIENCIA SOBRE A MOSA ALTURA (CELIA)



MEIDOR DE PAED (LUCIA)


MEDIMONOS, COMPARAMONOS UNS COS OUTROS E ORDENAMONOS POLA ALTURA. (CARMEN)



ORDA OE ORDENANONSE
UGOP LUCIAMATEO
KOPARANONSE (EDUARDO)
COMPA


OA POLA AUA (NOEL AÑON)
ALTURA

AS FAMILIAS COLABORARON
DIZINDO NOS QUE MEDIAMOS
CANDO NAZIMOS. (HUGO PEGO)




FAMILIA
(ALEJANDRA)

O CURSO PASADO MEDIMONOS DENOBO
ABER SEMEDRAMOS. (HUGO F.)



O SE MAO
CURSO MEDRAMOS
(MATEO)

ESTE CURSO MEDIMONOS
BEZ E AMENOS PSAMOS OURA
TAMÉN (JANIRE)



AVA OF O PAS
BASCULA ONDE NOS PESAMOS
(NOEL PEREZ)

PESADOSE NA BEDIA
(LAURA)



DECURIMOS COUGAS INTERSAIES:
SC B (ALEX)

-ALGUNS MEDIRON O MESMO AO
NACER PERO MIDEN DISTINTO CON
5 ANOS (CARLOS)

UN MAS ALTO PERO MENOS PESADO
QUE OUTRO MAS BAIXO (ANXO)



PSA




(UXVE)

EASAO
MAS ALTO

ALGUNS MEDIAN O MESMO CON 3 ANOS
PERO MIDEN DISTINTO CON GANOS (DAVID)




MEDIAN O MESMO
CON 3 ANOS
(SABELA)



ADA MIDEN
DISTINTO


COM TODA A INFORMACIÓ
TRABALLO E (LARA) DOUS MURAS, CE COLOCAMOS NO
FIXEMOS FIXAS DE



F I C H A D E T A V A L L O (D E S I R A)
R B



M U A L D A A L T U R A
R



(A N D R E A)

M U A L D O P E S O
R

E I 5

ALUMNOS E ALUMNAS DE 5 ANOS.


ACTIVIDADES

FEITO CON FOLLAS DE OUTONO

- 1- Recollimos un montón de follas secas.
- 2- Observamos que tiñan formas diferentes.
- 3- Buscamos parecidos... e a compoñer!
- 4- Engadimos outros detalles.



Andoriña, bolboreta e caracol



Peixe



Reno



Barcos e golfiño



Margarida



Xirasol



Gaivota



Foguete espacial

ALUMNAS E ALUMNOS DE 1ª

ACTIVIDADES: CONCURSO DE MANUALIDADES

Con motivo da celebración do MAGOSTO, este ano organizamos un concurso-exposición de manualidades feitas con produtos típicos do outono (castañas, noces, cogomelos, piñas, abelás...), durante a semana do 5 ao 8 de novembro.

Neste concurso-exposición participaron as familias de gran parte do alumnado do colexio. Cada manualidade viña identificada cun cartel no que se indicaba o nome da manualidade e o nome e curso do neno/a participante.

Houbo premio para a manualidade con máis dificultade na súa elaboración e para a máis orixinal.

As gañadoras do concurso foron:

Máis dificultade na súa elaboración:

“A vella e o espantallo das castañas”
de Marta Pérez.



Máis orixinal:

“O coro do Limo” de Uxía Pita.

A elección foi realmente difícil. Unha vez máis demostrastes os vosos dotes imaxinativos,

quedamos abraizados con tanta creatividade.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, queremos agradecer a vosa participación no concurso e a excelente predisposición que sempre nos brindades. Moitas grazas a todos/as.

Podedes ver unha presentación feita con todos os traballos na páxina web do noso cole: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/>

CONTOS

SUPERAUGA.

É un superheroe que está na aula de segundo para coidar o medio ambiente e axudarnos a reciclar.

O seu corpo está feito de auga para protexer o mar, os ríos e os lagos. Ten unha capa verde de herba para protexer a natureza. Ten un pau de lume que protexe os montes e tamén ten un escudo coa forza do lume e da herba. O lazo amarelo da camisa é para atrapar aos malos.

O seu axudante chámase Clorofilón, é de cor verde e axudalle a loitar contra os malos. Os malos son Remuiñón e Raio de Lume. Agora vai o primeiro capítulo.



CAPÍTULO I

Como naceu Superauga

Un día os nenos e nenas de sexto foron ao laboratorio. Comezaron a facer un experimento e non fixeron caso do que lles dicía a profe e mesturaron moitas cousas.

De súpeto, comezou a ferver todo. O laboratorio empezou a encherse de burbullas e todos escaparon pois xa saían pola ventá e chegaron ata o río e o mar.

Os nenos de 6º no laboratorio



Todo quedou contaminado coas burbullas. Dende as herbas do patio e da praia da Basteira ata o mar.

Pero ao chegar ao mar aquel mexunxe, algo pasou. Soou un ruído moi grande e unha gran onda se levantou hacia o ceo. Era a auga limpa do fondo do río e do mar que se levantaba para fformar o corpo de Superauga.



A onda que creou a Superauga

Ao mesmo tempo que se achegaba á praia limpando todo, ía collendo a forza das plantas que se poñía nunha capa verde. Como Superauga estaba moi furioso aparecéuselle na man dereita unha vara de lume e no brazo esquerdo un escudo verde con lume.

Estivo buscando aos causantes pero calmouse cando viu os nenos do colexio que estaban axudándolle a limpar todo e deulle a risa vendo que os causantes da desfeita tiñan a cara pintada de vermello.


Todos acabaron rindo e

Superauga dicidiu quedarse no cole.

ALUMNOS E ALUMNAS DE SEGUNDO

CASQUIÑA


Érase unha vez unha castañas que se chamaba Casquiña. Vivía no souto e era feliz coas outras castañas.



Un día pasou un neno e lanzouna lonxe. Quedou no alto dunha nogueira e estaba triste alí enriba e choraba moito.



Polo outono o dono tirou as noces cunha vara e caeu tamén Casquiña. O home viuna e gustoulle. Colleuna e meteuna no peto e levouna para a casa e cando os nenos fixeron o magosto na praza levouna para alí e agora Casquiña está contenta coas súas amigas.



ALUMNOS E ALUMNAS DE SEGUNDO

Os contos de Nadal de 4ºB

O NADAL DE LORENA

Érase unha vez unha muller chamada Lorena. Cando chegaba o Nadal poñíase moi triste porque non tiña familia e sempre pasaba soa estas datas. Cando todos estaban ceando coas familias, Lorena íase para a cama para que pasara a noite rápido.

Unha noite de Nadal tocáronlle ao timbre da porta, cando abriu levouse unha gran sorpresa. Eran os seus veciños que traían moita comida e doces. Non a querían deixar soa porque era Nadal.

Claudia Sánchez

O RENO QUE DEIXOU DE VOAR

Un día fai moitos anos, no Nadal, un reno de Papá Noel deixou de voar. Entón foise ao doutor e díxolle que descansase durante un día enteiro. Pero el non podía, xa que entón perdería o traballo de repartir agasallos. O doutor deulle unha taza de auga cunha pastilla.

Ao día seguinte foi xunto ao doutor e díxolle que xa estaba curado. Probou a voar e voou. Entón foi chamar a Papá Noel para avisalo de que xa estaba curado. Cando chegou o día de repartir agasallos a todos os nenos e nenas do mundo, voou moi alto porque xa estaba ben.

Paula Varela

O OSO DE PELUCHE QUE COBROU VIDA

Érase unha vez dúas nenas xemelgas, que coma todos os anos celebraban o Nadal coa súa familia. Despois dun tempo apareceu Papá Noel cos agasallos para os nenos e para as dúas irmás. Había un oso de peluche que era xigante. Cando foron a durmir desexaron que o oso cobrase vida e ao día seguinte cando despertaron, viron que o oso non estaba onde o deixaran. Puxéronse a buscalo e non o encontraban. Baixaron decírllo a seus pais. Pero o oso estaba vivo. Foron con el para a habitación e preguntáronlle como cobrara vida. El contestoulles que era porque elas o desexaran o día do Nadal. Dende aquel día decidiron chamalo o Oso do Nadal e foi o seu entretemento preferido.

Lucía Vila

UN NADAL ESPECIAL

Un día cando despertei vin debaixo da miña árbore do Nadal unha caixa cun lazo de cor azul. Cando a abrín vin un cachorro. Chameino Rufo. Era un can de cor negro, as patas brancas con puntiños negros e a punta do rabo negro. Leveime unha sorpresa enorme. Era moi, moi bonito. Logo fun ao parque ensinarllo as miñas amigas Uxía, Marta e Paula.

Ensinámoslle a sentarse e a que veña cando o chame. Fun para a casa e púxenlle comida e auga. Estaba tan canso, que se durmiu. Pero pola noite, despertouse e empezou a chorar. Choraba así: m-m-m-m-m. Entón leveino para a cama durmir conmigo.

Érica Salgueiro

SANTA E O SEU MELLOR AMIGO

Fai uns días foi o Nadal e Santa Claus fixo un mellor amigo que son eu. Teño cinco anos e vovos contar como sucedeu.

Unha noite, Santa Claus repartindo agasallos parou no meu tellado. Eu oín como soaban as campás e asomeime a ventá. El intentaba que non o vira, pero eu subín ao tellado. Quedeime abraiada. Estaba Rudolf e os oito renos. Tamén estaba Santa e díxome:

- Ola, perdinme. Pódesme axudar?
- Si, como non, díxen eu.

Fun buscar un mapa e mentres el púxome os agasallos debaixo da árbore. Cando os vin díxenlle:

- Eres un bo amigo.

Santa preguntoume se quería ser o seu mellor amigo. E claro, como ía dicir que non.

Dinlle o mapa e foise moi contento e famento.

Marta Pérez

A CHEGADA DE PAPÁ NOEL

Érase unha vez uns nenos que saían da escola contentísimos porque chegaba o día especial. O vintecatro de decembro, é dicir xa chega Papá Noel cos agasallos

A nena, que se chamaba Paula, díxolle o seu irmán:

- Acabaches os deberes na clase?
- Non, non acabei.

O seu irmán estaba moi disgustado.

Ao día seguinte, el seguía disgustado. A verdade é que tiña medo a Papá Noel e todo o resto do seu colexio non llo tiña. Todos se rían . Pero el foi moi valente e sacou unha foto con Papá Noel e cando regresou ao colexio ensinoulla a os seus amigos e xa non se riron del nunca mais.

Ania

POR FIN, O NADAL

Unha tarde de inverno estaba moi aburrido na casa, non sabía que facer. Os meus amigos fóranse para a casa dos seus avós e tíos. Os meus primos de Madrid ían vir pero non viñeron. Decidín irme para a cama a ler un libro de Nadal.

Miña nai díxome:

- Lois, desperta, hai que montar a árbore.
- Xa vou
- Lois, levanta xa.
- É Nadal
- Bo
- Que si, mira e xa verás.
- Vale.
- Que agasallo máis grande!
- Mamá, que é?
- Non sei, ábreo e xa verás
- É Turbo Man!

Quedárame durmido lendo o libro. A caixa co Turbo Man era a bicicleta que lle pedira a Papá Noel. Era o Nadal.

Martín Tallón

O NADAL

Había unha vez uns cervos que paseaban por todas as casas con Papá Noel. Eu quería subir no trineo, pero estaba moi alto e a min danme medo as alturas e non podía dicirlle que me levara.

Un día pola noite estaba Papá Noel na miña casa e pedínlle que me subira no trineo. Dixo que si, pero antes tiña que poñerme o chaquetón. Foi moi divertido.

Sergio Pego

PAPÁ NOEL EN APUROS

Era a noite de Nadal e estaban os cinco irmáns ceando. Todos estaban emocionados pensando nos regalos de Papá Noel. Ao pasar o tempo xa empezaban a poñerse nerviosos. Papá Noel deuse conta e decidiu ir entregar os agasallos. Pero ao ir xunto cos elfos a recoller os regalos deuse conta de que faltaba o de Xoan, o máis pequeno dos irmáns e púxose todo triste pois non quería decepcionalo.

Os elfos díxéronlle:

- O regalo era un peluche moi pequeno e por iso se meteu polo conduto do aire.

Claro, estaba alí. Agora os elfos tiveron unha idea. Papá Noel é forte e eles pequeniños, todos xuntos rescatarían o peluche. E ...así puido entregar todos os regalos.

Lucía Ferro

ALUMNAS E ALUMNOS DE 4º B

SUCEDEU NO MUNDO.

Cincuenta e dous

Un trágico suceso veu conmover á sociedade galega e española, en xeral, nos últimos meses. Cando aínda estabamos tratando de asimilar, na medida do posible, as consecuencias do accidente de Angrois, sen saír das inmediacións de Santiago de Compostela, unha nena perdía a vida en tenebrosas circunstancias. O nome da rapaza, Asunta, identificará un caso seguido moi de cerca por todos os medios de comunicación: prensa (nas edicións de papel e dixital), radio, internet e, singularmente, a televisión.

Mentres seguimos con non disimulada expectación todo o que ocorría arredor deste caso, outra traxedia tiña como escenario o país africano de Níxer, cando noventa e tres emigrantes trataban de cruzar o deserto do Sahara, en dirección ao norte, coa esperanza de chegar ás costas africanas do Mediterráneo para, desde alí, dar o salto a unha Europa que, a pesar dos seus problemas, é terra de promisión para os que carecen de todo, e na que o que resulta inaceptable para nós é apetecible para eles. Cando comezaba novembro eran noventa e dous os cadáveres atopados no deserto: deles, trinta e tres correspondían a mulleres, **cincuenta e dous** eran de nenos e sete de homes. A noticia, terrible, incomprendible, desalentadora, pasou polos medios de comunicación dun xeito tan efímero e con tan pouca resonancia que a día de hoxe queda reducida a unha mera anécdota, unha trágica anécdota.

Cincuenta e dous nenos! Anónimos, descoñecidos, insignificantes para os medios. Alusións moi breves, indicacións de que moitos deles estaban abrazados ás súas nais e algunha que coutra estremecedora imaxe, pero nada máis. Mentres tanto, as distintas canles de televisión teimaban por ternos pegados aos monitores nunha sucesión do que denominaban as últimas novidades, sempre en exclusiva, ás que, ao pouco tempo, viñan substituír outras. Iso si: antes de darnos a noticia e unha vez captado o noso interese, impoñíanse uns estratéxicos minutos para a publicidade.


Todas as vidas son igual de importantes. E todas as mortes, igual de trágicas. É tan lamentable a desaparición dunha nena en Compostela coma a de cada un dos cincuenta e dous nenos africanos. Pero a realidade obxectiva, a única verdade, é que parece importar máis o que vende. Dependerá a importancia da vida ou da morte dun neno do valor que a súa noticia poida xerar no mercado? Deste mercado, a educación non pode ser cómplice. Desde esta páxina, veciña doutras nas que se comenta o valor de Malala, a nena que venceu ao medo, a miña máis sentida homenaxe á nena de Compostela da que tanto se fala e aos cincuenta e dous nenos anónimos perdidos na inmensidade do deserto. NUNCA MÁIS un neno morto de sede ou fame. Que o seu anonimato non se una ao esquecemento!

Carlos Miranda

ENTREVISTA

Marcelo González

Entrevista a **Marcelo González**, con motivo do recoñecemento que lle acaba de facer a FEDAS (Federación Española de Actividades Subacuáticas), o pasado 23 de novembro, por ser o mergullador máis lonxevo de España.



1.-Que tipo de mergullador é vostede?

Eu era mergullador deportivo, pero o peixe que pescaba vendíao, porque tiña cinco fillos, a muller e mais eu e traballo de mecánico non había.

Tiña un tope máximo de 50 kg ao día. Pescaba peixe do grande, do pequeno nada. As veces só pescaba robalo, porque o robalo come á robaliza e ás súas crías. O robalo é un peixe que de grande fai máis mal que ben no mar, xa que unha robaliza pequena nun ano tamén é nai.

Nunca pesquei unha centola “millada” (cando ten crías), non se deben coller porque son as femias e se as colles non crían. A fauna haina que coidar.

2.-Cal era a súa profesión?

A miña profesión era e segue sendo mecánico. O de mergullador déuseme ben, pero nada máis.

3.-De pequeno pensaba ser mergullador?

Sí, de pequeno xa me levaba a vida, xa sabía eu que ía ser mergullador. Cando un ten gañas de facer unha cousa, se é constante faina.

4.-De pequeno mergullábase co seu pai?

Non, meu pai era de Lugo, de terra a dentro, de secaño. Non se bañaba no mar.

5.-Cando comezou a mergullarse?

Comecei antes dos dezaioito anos, antes

de facer o Servizo Militar, aínda estaba solteiro.

As primeiras inmersións que fixen foron cunhas zocas de plomo e, cunha vasilla de barro e un plástico que aproveitei do avión que caeu no Limo, fixen unha careta. Despois tiveron que facer unha botella de aire comprimido transformando un cuarto de hora, pero estaba ben.

O meu carné foi o primeiro de España. Tiven que apuntarme no Club Náutico de Ferrol e despois viaxar a Madrid para conseguilo. Estiven alí catro meses traballando de mecánico.

6.-Cal é o material necesario para mergullarse?

O imprescindible é unha careta (agora hai moitas, pero cando comecei eu, tívena que facer), unhas aletas, un fusil e un cuchillo. O cuchillo salvoume a vida, polo menos, unha vez.

Eu mergúllome sen traxe, non o levo porque é moi pesado e ademais con traxe só podes pescar 5 kg.

7.-Mergullouse noutros lugares do mundo?

Non, só na costa galega. Mergulleime dente Cedeira ata Ribadeo.

8.-Cal é o seu sitio favorito para mergullarse?

Gústame mergullarme nos lugares onde hai menos xente. Cariño é moi boa costa, pero Burela tamén. Unha vez collín catro peixes cun só tiro, eran sargos. En Burela hai moito sargo.

Gústanme os lugares onde hai vexetación, peixes, alfombras de percebes... Que veñan as maragotas a comer o que ti estás rascando... Ata podes acaricialas, non teñen medo.

Tamén me gustaba mergullarme onde había restos de barcos porque sabía que aí ía gañar cartos como mecánico.

9.- Ata que profundidade chegou?

Ata os 25 metros nada máis. Baixei mirar onde se afundira un barco. Se houberse barcos afundidos a máis profundidade tamén baixaría, pero non foi o caso.

10.- Ten medo de mergullarse a moita profundidade sen ninguén ao teu lado?

Moito non, por que vas ven preparado ,podes soltar o equipo cando queiras e subir para a superficie rápidamente; pero hai que estar preparado e pensar en todo o que pode suceder.

11.-Canto tempo ten que parar para subir á superficie?

Iso é o que se chama a “curva de seguridade”. Si botas moito tempo traballando no fondo, ó subir, pódete marear. Entón o que fas é voltar a media profundidade e descansar unhas minutos, ata que ves que se normaliza a cousa e vas subindo pouco a pouco cara a superficie.

12.- Canto tempo aguanta debaixo da auga?

Pois si eba cosas botellas, ó redor de dúas horas; e sin elas, mási dun minuto.

13.- Que sente cando suca o fondo do océano?

Moita tranquilidade, pero tamén intranquilidade, por que pódete atopar de todo. Ó fin do que se trata é de disfrutar do mar.

14. Cal foi a súa maior aventura?

Hai anos, apareceu un arroá na Basteira que votou moitos días, e mergulleime con el. Ó estar na auga fíxenlle un silvido e o arroá, que son uns animais moi xoguetones, acercouse a min. Dinlle de comer uns longueiróns que tiña na miña man, e fíxose amigo meu para todos eses días.

15.- Algunha vez veu algo impresionante coma un tabeirón, unha balea,...?

Balea só me tocou de ver unha. Foi en Morás, traballando nun baleeiro. Tiña unha morta, pergada á borda do barco. Tocoume baixar á hélice a traballar, e a

verdade é que impresionaba, porque era un animal de 16 toneladas.

Tamén me coincidiunha vez que estaba pescando cun fusíl, de cruzarme cun cazón, que son da familia dos tabeiróns. Debía medir 3 metros. Pasou debaixo miña, apunteille á cabeza, pero pasou sen facerme nada e eu tampouco a el, claro.

16.- Algunha vez pensou que era o seu “fin”?

Pois sí. Esaba pescando co meu irmán, que estaba na gamela. Dinlle aun robalo bastante grande; soltei o fusil e collín o robalo polo sedal coas dúas mans para subilo á gamela. Ó subir coas aletas fixo un remuíño, o sedal empezouse a enroscar nos pes, e o fusil quedou abaixo enganchado nunhas algas. Empecei a subir, pero a 1 metro da superficie notei que me frenaba, e xa case non tiña osíxeno. Sorte que tiña o coitelo e puideren cortar o sedal. Podo dicir que o coitelo salvoume a vida.

17.- Atopou algún barco afundido?

Un día chamoume o xefe do Arsenal de Ferrol, porque se afundira un baroo, o Carmelita, nun día de neboa. Tivemos que baixar e meternos nel para mirar como quedara o motor.

Outro foi un barco que viña de Bilbao, e tamén se topou cun día de neboa. Afundíu o chocar cunhas rochas. Estiveronno buscando pero no daban atopado. Eu pensei que o baco ó dar cos farallóns rebotara cara atrás. Funmos dalí a un mes cunha lancha, e mergulleime a 20 ou 30 metros de distancia das rochas, e efectivamente alí estaba.

18.- Cal foi o seu maior “trofeo”?

As corvinas que víchedes nas fotos do principio. Pesaban 70 kilos aproximadamente. Tamén capturei un lubrigante de 9,5 kg. e dun mentro de longo, e iso que lle faltaba un zanco, polo que podería chegar a pesar máis de 10 kg.

19.- Que lle deu a medalla?

A FEGAS (Federación Galega de Actividades Subacuáticas).

20.- Como se sentiu cando lla entregaron?

Como un recoñecemento. Porque eu nunca fora a competir, xa que éramos sete na casa, tiña que traballar moito e non tiña tempo para os desprazamentos que facían falla.

21.- Aparte do mar, ten outras aficións?

Mergullarse xa era unha afición, pois eu son mecánico. Estiven moitos anos de mecánico naval no Hispania, como 1º oficial de máquinas.

22.- Agora mergullase tanto coma antes?

Non, tanto non. As botellas sí que xa as deixei, aínda que de vez en cando

vou coas gafas e tubo.

23.- Gustaríalle que os seus fillos e os seus netos seguiran coa súa afición?

Bueno, os meus fillos xa son mergulladores, reparando barcos condo se precisa. E ós netos, lévoos algunha vez que outra conmigo, aínda que lles gusta a uns máis que a outros.

Cun forte aplauso despedimos a Marcelo, agradecéndolle o tempo que nos dedicou e desexándolle boa sorte, nos moitos anos que lle quedan por disfrutar dos fondos mariños.



ALUMNOS E ALUMNAS DE 5º

CARIÑESES POLO MUNDO.

México , por José Luís Rodríguez Castro.

Atópome nunha rexión chamada Oaxaca (México) na costa pacífica, ao sur da capital que é México DF, por motivos de traballo, que son os eólicos.

Que podo dicir ,para empezar, desta rexión, pois ten algo de todo, praia e montaña. As praias son moi virxes, só teñen pequenas cabanas onde podes tomar un refresco ou comer. O de comer é unha exquisitez porque é todo fresco. Por exemplo, pides peixe e sae o mozo a pescalo, tráecholo, ensínacholo e prepárancho. Tanto peixe como marisco.

A montaña é como unha selva, non é moi recomendable ir pola súa diversa fauna perigosa. Por exemplo serpes, tarántulas, escorpións e ata din os aldeanos ,que viven nela, que viron panteras.

Por certo atópome nunha cidade que se chama Juchitán de Zaragoza, aínda que o seu verdadeiro nome é Heroica cidade de Juchitán de Zaragoza.

A xente aquí é moi devota, moi relixiosa, aquí van moito a misa. Tamén veneran moito aos mortos, por exemplo no día de todo os santos, montan pequenos altares coa foto do defunto, comida, bebida e cousas que lle gustaban ao defunto, porque din que si non o facías, viñache o defunto e comíache os pés.



Tradicións teñen moitas, como vos comente antes sobre os defuntos, por exemplo as vodas. A maioría delas celébranse na rúa, cortan a rúa cos coches e aí montan unha carpa, as mulleres, nenas e adolescentes van vestidas co típico traxe rexional, os homes como en España pero tamén

van cunha camisa que a chaman guayabera, que pode ser de varias cores, pero sempre con algún bordado ou encaixe.

A xente é moi amable, moi cariñosa cando te coñecen, do pouco que teñen dáncho. Eu levo pouco máis de 3 meses aquí e xa me invitaron a aniversarios, vodas e ceas familiares. Son xente que viven o día a día, aínda que tamén hai xente rica, pero pouca.

A comida encántame, é moi diversa, a comida principal é o polo e a res (tenreira), o porco case non se come. Tampouco comen patacas fritidas, aquí todo é arroz e pasta, sempre acompañadas con verduras ao vapor. Como xa lestes moitas veces, aquí hai tacos, nachos, telayudas, frijoles etc... pero sempre, sempre, con picante, encántalles o picante. Bótanlle picante a todo, ata ás patacas de bolsa e ata á cervexa que a chaman michelada, que leva chile, tomate ketchup, limón e especies (moi rica por certo).

O EPIGONCIÑO. XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

En canto á climatoloxía, pois é moi distinta a España, entre os meses de agosto e outubro é tempada de tormentas e choivas, a temperatura é dunha media de 27º polas mañás e noite e 35º polo día, desde novembro ata xaneiro ou febreiro é tempada de vento e as temperaturas baixan un pouco (entre 18º e 24º polas mañás e noite e 30º polo día), de marzo a xullo é tempada de verán como din aquí, sol e moita calor (30º polas mañás e noite e 40º a 45º de día). A humidade aquí é moi alta, oscila entre os 85% ata os 90% e iso cando fai calor nótase.

Que máis podo contar da rexión de Oaxaca, ten moita cultura, gastronomía variada, diversidade en animais e fauna, e bo clima. Pois así é Juchitán de Zaragoza, onde estou eu.

ANIA RODRÍGUEZ 4ºB



HISTORIA.

Mulleres na historia.

O pasado 25 de novembro celebrouse a Xornada Internacional contra a Violencia de Xénero. Con este motivo houbo moitas mobilizacións, e os medios de comunicación fixéronse eco dun problema de tanta gravidade que afecta, singularmente, a moitas mulleres. Delas, unhas acaban pagando coa súa vida, e outras soportan con resignación uns malos tratos que nunca terán xustificación.

As nenas e nenos de 6º A elaboraron uns traballos baseados nas biografías de distintas mulleres que, ao longo da súa vida, fixeron aportacións decisivas á loita polos dereitos humanos, ás artes ou á ciencia. É imposible recoller nas páxinas que este xornal nos reserva a vida e as contribucións científicas, artísticas ou sociais destas mulleres, polo que faremos un resumo do que nos deixaron. Sabemos que esta escolma é so unha mínima representación de todo o que a muller, famosa ou anónima, ten aportado na loita diaria por unha vida máis xusta, máis digna e máis respectuosa cos dereitos que a todos nos corresponden como cidadáns e que a moitas delas se lles negaron. E para comezar este artigo nada mellor que felicitarnos pola concesión do premio *Andrei Sajarov* a Malala Yousafzai, unha rapaza paquistaní que loita polo dereito da muller á educación e que foi obxecto dun atentado que case lle custa a vida. Este premio, creado hai 25 anos polo francés Jean François Deniau para distinguir a traxectoria dunha persoa ou asociación destacada na defensa dos dereitos humanos e a liberdade de pensamento, veu recoñecer os méritos de Malala, unha nena que, desde a distancia, é obxecto de admiración para os alumnos de 6ºA.

Hipatia de Alexandría



Muller ilustrada e culta de Alexandría. A película **Ágora**, de A. Amenábar, trata da súa figura

Olimpia de Gougues



Publica, en 1.791, a **Declaración dos dereitos da Muller e a Cidadá**

Mary Wollstonecraft



Escritora inglesa que publicou a ***Vindicación dos dereitos da Muller e a Cidadá***

Juana de Arco



Heroína e militar francesa, con 17 anos mandou sobre as tropas francesas que loitaban contra o exército inglés en Orleans. Foi condenada por herexe e queimada viva en Rouen antes de cumprir os vinte anos. En 1456 revisouse o proceso e no 1920 foi declarada santa e patrona de Francia.

Marie Curie



Científica que naceu en Polonia e emigrou a Francia, onde casou con Pierre Curie. Acadou dúas veces o premio Nobel. Inicialmente, o seu apelido era Sklodowska

Martina Castells



Foi a primeira española que sacou a primeira licenciatura en medicina e cirurxía

Matilde Ucelay



Primeira arquitecta española

M^a Bernarda de Quirós



Primeira aviadora española

Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken



Primeiras deputadas nunhas cortes españolas

María Pita



Heroína na defensa da Coruña contra a Armada inglesa

Rosalía de Castro



Poeta romántica galega. Unha das súas obras deu pé ao *Día das Letras Galegas*.

Ana Frank



Nena xudea autora do diario do mesmo nome. Coa ocupación de Holanda polos nazis viuse obrigada a permanecer agochada coa súa familia ata que foi descuberta. Morreu de tifus cando so tiña 15 anos.

**Gertrude Belle
Elliön**



Bioqímica estadounidense, tivo moitas dificultades para traballar como investigadora debido á súa condición de muller, debémoslle descubrimentos importantísimos na loita contra a leucemia, o herpes, a malaria, a sida e contra o rexeitamento de órganos transplantados. Foi Premio Nobel de Medicina en 1988.

Tareixa de Calcuta




Monxa de orixe albanesa, logo nacionalizada na India. Fundadora da Orde das Misioneiras da Caridade en Calcuta, traballo durante case cincuenta anos polos pobres, enfermos, orfos e persoas sen fogar. Responsable dunha inxente obra de caridade e amor ao próximo, recibiu o Premio Nobel da Paz no 1979.

Malala Yusafzai



Rapaza paquistaní que empeñou a súa vida na defensa da educación para as nenas. Foi obxecto dun atentado por parte dos talibáns que case lle custa a vida. Premio *Andrei Sajarov* pola defensa dos dereitos humanos e a liberdade de pensamento



ALUMNAS E ALUMNOS DE 6º

BIBLIOTECA

Este primeiro trimestre supuxo para a biblioteca do colexio unha renovación, tanto no equipo que a dinamiza como nos fondos que a compoñen: retiráronse exemplares que estaban en desuso e incorporáronse novos e apetecibles títulos.

Co gallo do Samaín decidimos realizar dende a biblioteca un "Certame de relatos de medo" no que participaron practicamente todos os alumnos e alumnas do centro: uns con relatos e outros con debuxos realmente terroríficos. Aquí tedes unha mostra dos traballos e a entrega de premios aos gañadores de 2º e 3º ciclo.



Como todos os anos o 24 de outubro celebramos o Día das Bibliotecas Escolares. Para isto, os alumnos de 2º prepararon un conto, o de Garvancito, para lerllo en voz alta aos nenos e nenas de infantil e primeiro ciclo. Realizaronse no salón de actos unha serie de actividades e pasamos un ratiño moi agradable con Multileo. Aquí tedes algunhas fotos, podedes ver moitas máis na páxina web do colexio.



O día 20 de novembro celébrase o Día dos Dereitos da Infancia. Para conmemorar este feito realizouse na biblioteca unha pequeniña exposición de libros referidos ao tema. Así mesmo, colocouse unha árbore na porta que se foi enchendo coas mans dos alumnos e alumnas e os seus desexos.



De cara ao Nadal, tamén se realizará unha pequena exposición de libros para dar a coñecer os fondos cos que contamos na biblioteca. Así mesmo, tamén nesta data, Multileo terá un pequeniño agasallo para os alumnos máis lectores. Esperamos seguir contando con vos nas actividades que se vaian organizando. Moitas gracias pola vosa axuda rapaces!!! Un saúdo e Bo Nadal!

CARIÑO, PARAÍSO PARA ORNITÓLOGOS

O concello de Cariño converteuse en punto de referencia para moitos ornitólogos que cada ano se achegan aquí para gozar das súas aves. Son máis de duascentas especies de aves as que se rexistran en prados, praias, montes e cantís.

Cada ano, cando a fin do verán se achega, os centos de miles de aves mariñas que se reproducen nos cantís do norte de Europa migran cara ao sur fronte aos cantís mariños de Cabo Ortegal.

Xa no fin do inverno, unhas 10.000 aves- na súa maioría patos, garzas e limícolas – chegan ao esteiro de Cariño-Ortigueira para alimentarse.

Os alumnos de 3ºA convertéronse en ornitólogos durante unha semana e investigando foron quen de elaborar unha pequena guía con algunhas das aves que máis lles chamaron a atención.

NOME: Escribenta nival



DESCRICIÓN: 15,5-18 cm. O macho ten cabeza branca con curuto e fazulas color area; ollos escuros e gorxa brancas apagada; dorso pardo moi apencado en negro; secundarias brancas e mitra cremosa; partes inferiores brancas cunha banda peitoral cremosa e rabo negro. A femia é menos contrasta e ten as manchas alares brancas menos visibles.

HÁBITAT: En inverno, dunas e praias, e tamén campos ermos.

OBSERVACIÓNS: Aliméntase de sementes de herbas, insectos e larvas.

Investigadora: Claudia Ferreiro Fernández

NOME: Falcón peregrino.



DESCRICIÓN: 38-48 cm. O macho ten as partes superiores cincentas azuladas e as inferiores brancas con pencas escuras no peito e raiado horizontal no resto; meixelas e gorxa brancas puras, bigotes anchos e base do rabo pálida. A femia é lixeiramente máis parda e moi raiada.

HABITAT: Campo aberto con penedías, altos edificios (mesmo en cidades) e tamén na beiramar.

OBSERVACIÓNS: A posta sitúase nunha depresión dunha penedía a unha altura entre 10-50 m. Sobre finais de abril e maio pon 3-4 ovos pardos arrubiados que chocan ambos proxenitores durante 28 días; os polos voan ao cabo de 6 semanas. Aliméntanse de todo tipo de aves.

Investigadora: Iria Armada Rodríguez

O EPIGONCIÑO. XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

NOME: GANSO SANGANO



DESCRICIÓN:

58-70 cm. Parte superior riscada en negro; peito cincento claro coas costas barradas de gris claro; ventre e mitra brancos; pescozo, curuto e caluga negros; fronte e cara brancas ou cremosas; rabo patas e peteiro negros .

HÁBITAT: Marismas, esteiros, lagoas, encoros e pradarias preto de zonas húmidas.

OBSERVACIÓNS: Aliméntase principalmente de herbas, raíces, talos e partes verdes de plantas, tamén de gran vexetación acuática.

Investigador : Alejo Díaz Rubido

NOME: PILRO CINCENTO



DESCRICIÓN:19-22cm.Sexos iguais En plumaxe invernal ten as partes superiores cincentas pizarrosas e peito moi escuro; costas apencadas de escuro e ventre claro; gorxa e círculo ocular brancos; peteiro alaranxado coa punta negra; patas alaranxadas. En plumaxe estival é algo máis claro e máis apencado.

HÁBITAT: ribeiras do mar rochosas e illotes.

OBSERVACIÓN: aliméntase de crustáceos, moluscos e miñocas.

Investigador: Adrián Fernández Aneiros

NOME: PAPAMERDA REAL



DESCRICIÓN:50-58cm. Partes superiores e inferiores pardas escuras; cabeza e pescozo máis anchos e fortes ca outros papamerdas; peteiro e patas negros, o primeiro moi groso. En voo destaca unha mancha alar branca na parte superior e inferior das primarias; as rectrices centrais son anchas coas puntas redondeadas que apenas sobresaen do rabo. Os inmaturos teñen menos notorias as manchas alares e son castaños arrubiado.

HÁBITAT: En Galicia é escaso e vese como invernante regular de decembro a febreiro. Peláxico, pero vese tamén próximo á costa.

OBSERVACIÓNS:Aliméntase de peixes.

Investigadora: Elisa Díaz Villar

NOME:Merlo azul



DESCRICIÓN:21-23 cm. O macho en plumaxe nupcial

é totalmente azul , con ás e rabo máis escuros; en outono e inverno é algo máis apardazado. A femia é parda azulada moi escura polo dorso , acastañada vermiculada en pardo pola parte inferior e rabo longo castaño escuro . Conduta esquiva . Solitario . O canto é semellante ao merlo común.

HÁBITAT: cantís, pedreiras de montañas, canteiras.

OBSERVACIÓNS:Aniña en ocos de rochas. De abril a maio (con posible 2ª posta a finais de xullo-principios de agosto) pon 4 -5 ovos azuis claros finalmente apencados en vermello que choca principalmente a femia durante 14-16 días; os polos abandonan o niño aos 16 e voan aos 23. Aliméntase de insectos, pequenos vertebrados, moluscos e vermes.

Investigadora:Celia Fernández Pérez

NOME: Merlo papobranco



DESCRIPCIÓN .O macho e parecido en tamaño, feitura e color igual ao merlo común, pero diferénciase sobre todo por ter o descrito unha mancha branca en forma de lúa minguante no papo, que e mais apagada na femia e apenas notoria no inmaturo, a coloración xeral aprecíase escameta por ter as plumas abeiradas en cincento especialmente pola banda inferior.

HÁBITAT: Campos, fragas, xardíns, hortas, etc. Con vexetación mesta de mediana altura.

OBSERVACIÓNS: Cría en hedras, sebes e silveiras. Constrúe un niño voluminoso que sitúa entre 0 e 2 m. Pon de mediados de marzo a comezos de agosto 3-4 ovos verdes azulados apencados de castaño que choca a femia durante 14 días. Alimentación omnívora : froitos cultivados miñocas, arañas e insectos en xeral.

Investigador Cristian Alves Fontela

NOME: Azulenta papuda



DESCRIPCIÓN: Mide 17,5 cm. Ten as partes superiores pardas cincentas apencadas ; cabeza, peito, ventre e rabo cincentos, este último cunha lista terminal cremosa. Ten papo branco con pintas negras e costas raiadas de pardo arrubiado; dúas finas bandas alares brancas bordean as grandes cobertoiras negras; peteiro negro coa base alaranxada. Os inmaturos carecen das manchas da gorxa. Voo baixo e ondulado. Ás veces mostran unha especie de tic nervioso no rabo. O seu canto é breve e vibrante.

HABITAT: pedreiras e áreas sen vexetación en ladeiras de alta montaña.

OBSERVACIÓNS: A partir de mediados de maio e xullo constrúe o niño con herbas secas, talos, raíces, mofos e liques entre rochas. Aliméntase de insectos, especialmente coleópteros.

Investigador: Bruno Herrera Gularte

NOME: GARZOTA COMÚN




DESCRIPCIÓN: Mide 55 -65 cm . Completamente branca, agás peteiro e patas negras, as dedas amarelas; crista longa en época nupcial. En plumaxe invernal a base do peteiro é azul agrisada, no cortexo, rosada.

HÁBITAT: Rías, esteiros, lagoas e encoros.

OBSERVACIÓNS: Aliméntanse de peixes, ras, réptiles, moluscos, crustáceos e insectos.

Investigador: Yoel Doce

NOME:MOBELLA PEQUENA



DESCRICIÓN: En plumaxe estival ten a parte posterior da cabeza e pescozo raiados lonxitudinalmente en branco e negro, laterais dos mesmos cincos e unha mancha arrubiada na gorxa; o peteiro máis fino ca o doutras especies, lixeiramente apuntado cara a arriba. En plumaxe invernal ten o curuto e a parte posterior do pescozo grises e o resto case todo branco.

HABITAT: Norte da rexión holártica. Na Península Ibérica vese escasamente, menos de 100 exemplares). Hábitat mariño, rías e baías.

OBSERVACIÓNS: Aliméntase de peixes, moluscos e crustáceos.
Investigador: David Sanjurjo Fontela

NOME: Reiseiñor da auga




DESCRICIÓN:mide entre 13-14cm. Sexos iguais. Partes superiores pardas arrubiadas e inferior grises abrancazadas coas costas e laterais do ventre lixeiramente apardazados; cella clara; zona auricular e laterais do pescozo grises claros; rabo longo e redondeado, que ergue espasmodicamente. Voo baixo e rápido. Canto ruidoso e explosivo, moi característico.

HÁBITAT: En Galicia é sedentario e ao parecer escaso. Vive nas espesuras de arbustos en zonas húmidas: ríos, regatos, lagoas e encoros.

OBSERVACIÓNS: Aniña entre vexetación moi mesta, xeralmente preto do chan. Pon de 3 a 5 ovos avermellados que choca xeralmente a femia durante 12 días.
Investigadora: Patricia Lopes Antunes

NOME: Arao dos cons



DESCRICIÓN: En plumaxe invernal ten as partes inferiores brancas e as superiores case negras, risca alar branca; parte superior da cabeza moura; gorxa e fazulas brancas, peteiro negro e patas escuras. En plumaxe estival ten a cabeza e pescozo achocolatado. En voo, visto por arriba e desde atrás, nótaselle pouco branco nos laterais e os pés excédenlle o rabo.

HÁBITAT: Como aniñante está a sufrir unha diminución dramática desde os anos 50 e esta a piques de desaparecer pola reducida poboación e ser vítima de mareas negras. Peláxico.

OBSERVACIÓNS: Constrúe o niño nunha plataforma dunha penedía ou furna e nela pon en maio un único ovo piriforme, verdoso manchado de castaño, que chocan durante 30 días. Aliméntase de peixes crustáceos, moluscos e algunha alga.

Investigador: Daniel Fachal Orizales

ALUMNOS E ALUMNAS DE 3ªA

OBRADOIRO


Papel marmorado.

Materiais utilizados:

- Auga
- Augarrás
- Pinturas ao óleo de diferentes cores
- Cartolinas de cores
- 1 sobre de cola de empapelar
- Varios pinceis ou unha culleriña
- Dous recipientes amplos

1º Encher un recipiente coa preparación da cola coa auga, e outro só con auga.

2º En diferentes recipientes mesturar as pinturas de óleo con augarrás ata ter unha solución de consistencia espesa. Cun pincel ou cunha culleriña deixamos caer as gotas de pintura de diferentes cores na cola, as cores espaxeráronse formando manchas.



3º Se remexemos suavemente cun pau ou pincel sobre a superficie do líquido facemos que as cores se mesturen e formen un deseño colorido.




4º Unha vez obtido o deseño, aplicamos unha folla de cartolina sobre a superficie curvándoa de maneira que o centro da folla sexa o primeiro en tocar a cola coa pintura.



5º Posteriormente, sacamos a cartolina e introducímola suavemente en auga. Por último, tendémola para que seque e prensámola para que o papel quede liso.



6º Despois de secar unhas quantas horas, aquí está o resultado! Os papeis marmorados que vedes a continuación son os que utilizamos para posteriormente facer a montaxe dun libro no obradoiro de encadernación.



ALUMNAS E ALUMNOS DE 4ºA

OBRADOIRO

Encuadernación.

Materiais utilizados:

- Folios ou cartolina tamaño A4
- Dúas cartolinas A3
- Cola e un pincel para espaxela
- Unha regra
- Unha pequena serra de marquetería
- Cartón duro
- Fío grosso de coser
- Unha prensa


Cosido e pegado do interior do libro

1º Poñemos os folios perfectamente aliñados un encima doutro e encolamos un borde de maneira que todos queden unidos entre si.

2º Unha vez seca a cola colocámoslos na prensa de xeito vertical para que queden suxeitos e poder traballar sen que se movan. Posteriormente, cunha regra marcamos no borde encolado liñas de 3 cm en 3 cm.



3º Coa serra facemos un corte oblicuo, aproximadamente de 1 cm nas liñas das esquinas. A continuación, facemos cortes rectos no resto das liñas.



4º Collemos un pedazo de fío dunha lonxitude 7 veces maior que o lombo do libro, botamos unha pouca de cola nos cortes feitos e imos introducindo o fío entre os buratos, en forma de zigzag, é dicir, primeiro pasámolo por diante e no seguinte burato por detrás, tensándoo ben.

5º Unha vez rematado o fío botamos bastante cola por riba del e pegamos un anaco de papel sobre os cortes tapando todo o fío para que quede máis seguro.



6º Posteriormente, pegamos unha cartolina de tamaño A3 dobrada pola metade en cada un dos lados do libro e pegamos unha parte á primeira folla ou cartolina do libro. Deste modo, a outra metade quedará para unir o libro á portada e ao envés do libro.


Elaboración da portada e envés do libro

1º Cortamos dous anacos do cartón duro da medida do libro xa cosido.

2º Cortamos un anaco de cartón da medida do lombo do libro.

3º Marcamos 3 cm na zona que vaia ir pegada ao lombo do libro e facemos unha liña recta de arriba abaixo.



4º Por esas liñas pegamos un pedazo de papel marmorado, elaborado no obradoiro anterior, en cada unha, deixando uns 2 cm de borde para que dobre o papel cara ao interior.



5º Cortamos unha peza de coiro 2 cm mais co longo do libro, e aproximadamente uns 10 cm de ancho. No medio do anaco de coiro pegamos o cartón do lombo e a medio centímetro as tapas anteriormente forradas co papel marmorado.



6º Finalmente para unir o libro coas tapas encolamos as tapas polo interior e pegámolo á cartolina de A3. Libro rematado!



ALUMNOS E ALUMNAS DE 3º A

CIENCIA NA CASA.

Limpar unha moeda.

Para deixar unha moeda como nova necesitamos vinagre e sal común

- 1 Misturamos o vinagre coa sal , non é necesario medir as cantidades .



- 2



Poñemos a moeda e a movemos para que se limpen as dúas caras.

- 3 En pouco tempo teremos a moeda relucinte.



? Que sucedeu? , que fixo que a moeda quedara brillante?

Conservar media mazá.

Se cortamos unha mazá e a deixamos ao aire , rapidamente comezará a escurecerse , os científicos din que a mazá oxídase.

A mazá segue sendo comestible , non hai problema se a comemos. Pero , hai algún xeito de evitar a oxidación?

Si, refregar a parte do corte na mazá cun limón aberto (ou o zume)



ALUMNAS E ALUMNOS DE 3ºB

PASATEMPOS

Sopa de letras.: Atopa 8 froitos do outono







Colorea.



ALUMNOS E ALUMNAS DE 3ºB

O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO



JANIRE EIS



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística